



Axudas concedidas 2013



PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE ELEMENTOS DECORATIVOS EN BREIXO SECO E NATURAL

Mellora dunha empresa de colleita, trenzado e secado de breixo para a elaboración de elementos decorativos (peches, terrazas, etc.). Os investimentos recollen a adecuación dunha nave e a adquisición de maquinaria para levar a cabo o proceso produtivo.

E. promotora: Baiuca INR SL (Santiso)

Investimento: 283.507,53 €

*Axuda: **93.834,27 €** (32.719,44 €)*

Creación de dous empregos



PRODUCCIÓN DE ARANDO EN GALICIA

Posta en marcha dunha explotación de produción de arando no Meire, en plena Rede Natura. Os investimentos recollen as tarefas de adecuación e laboreo dunha parcela de doce Has coa instalación de distintas infraestruturas e sistemas (regado, fertirrigación, etc.), así como na plantación de sete hectáreas para a produción do froito.

Promotor: Abel Gutiérrez Sánchez (Melide)

Investimento: 261.714,53 €

Axuda: **64.599,61 €**

*Creación dun emprego,
consolidación de outro.*



FABRICACIÓN ARTESANAL DE IOGUR

Posta en marcha dunha actividade de transformación do leite da entidade promotora en iogur para a súa posterior comercialización. Os investimentos recollen a adecuación dun antigo alpendre para o establecemento da iogurería así como o equipamento necesario para levar a cabo a actividade produtivo (lactofermentador, ph metro, cámara frigorífica, etc.).

E. promotora: Gandería Chousa Nova SC (Touro)

Investimento: 74.149,89 €

*Axuda: **21.487,54 €***

*Creación dun emprego,
consolidación de dous máis.*



AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN PORCINA EXTENSIVA

Ampliación dunha explotación porcina en extensivo co obxecto de rendibilizar unha superficie de difícil acceso e inaxeitada para os traballos agrícolas pero que, sen embargo, é óptima para a cría destes animais pola presenza de pasto así como de castiñeiros e carballos, que poden constituír a base da alimentación dos animais. Os investimentos que se recollen son o peche das parcelas, a canalización de auga polas mesas e a instalación de comedeiros e bebedeiros.

E. promotora: Aldea de Barrio SL (Sobrado)

Investimento: 111.488,40 €

Axuda: 32.829,19 €

*Creación dun emprego,
consolidación de tres máis*



CENTRO DE CONTROL, EXPERIMENTACIÓN E ENXEÑERÍA ENERXÉTICA

Construción e posta en marcha dun centro de enxeñería aplicada, onde se desenvolverán sistemas avanzados de control de instalacións enerxéticas e se deseñarán e avaliarán sistemas e procesos para a mellora e a optimización de plantas de produción enerxética e medioambiental.

E. promotora: Mustallar Enerxías SL (Curtis)

Investimento: 761.720,14 €

Axuda: **250.000 €** (73.134,58 €)

Creación de tres empregos



MODERNIZACIÓN DE EMPRESA DE FABRICACIÓN DE ESTRUCTURAS METÁLICAS

Modernización dunha empresa dedicada á fabricación de produtos e estruturas de carpintería metálica. O obxectivo do proxecto é a mellora da rendibilidade económica da empresa e do servizo prestado ó cliente, a través da dotación de novas instalacións, máis funcionais e eficientes, así como da adquisición de equipamento máis preciso e automatizado co cal aumentar a calidade dos traballos realizados.

E. promotora: Cervisa Sistemas Metálicos SL (Melide)

Investimento: 404.477,76 €

Axuda: 89.540,76 €

Creación de tres empregos



AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN EQUINA

Ampliación e mellora dunha explotación de cabalos de salto, coa construción dun picadeiro cuberto que conta con pista de adestramento, varias cortes e cafetería. Con estas instalacións é posible incrementar o número de animais da explotación, mellorar o proceso de doma e prestar novos servizos como as clases de salto ou as exhibicións de demostración.

Promotor: Javier González Fraga (Sobrado)

Investimento: 547.131,75 €

Axuda: **173.951,72 €** (34.790,34 €)

Creación dun emprego,
consolidación de outros dous



AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADE DE SERVICIOS AGRÍCOLAS

Adquisición de maquinaria e equipamento para a prestación de servizos agrícolas a gandeiros e agricultores do rural galego, o obxectivo consiste en ampliar o parque móbil do promotor para prestar un servizo de maior calidade. Invístese en: tractor, remolque autocargador de forraxe e cabezal segador. Os equipos adquiridos contan cos últimos avances tecnolóxicos tanto en consumo enerxético e ergonomía, como na calidade do traballo realizado.

Promotor: Ignacio Rodríguez (Curtis)

Investimento: 312.989,10 €

Axuda: **67.000,89 €** (14.070,19 €)

*Creación dun emprego,
consolidación de outro*



MODERNIZACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA DE EMPRESA DE SERVICIOS NO MEDIO DURAL

Modernización e ampliación do parque de maquinaria da entidade promotora, dedicada á prestación de servizos agrícolas, gandeiros e forestais; co fin de mellorar a prestación dos seus servizos, tanto en cantidade como en calidade , e reducir custes de produción.

E. promotora: Serv. Agrícolas y Ganaderos Jesús Novo SL
(Boimorto)

Investimento: 93.061,21 €

Axuda: **24.119,00 €**

*Creación dun emprego,
consolidación de outro*




DINAMIZACIÓN TURÍSTICA E COMERCIAL DO CONCELLO DE MELIDE

Deseño e posta en funcionamento dunha plataforma web na que se insire toda a información turística e comercial do concello de Melide (www.melideturismo.com) e instalación de códigos QR nos puntos neurálxicos da vila melidá. Deste xeito, ábrense novas posibilidades para os visitantes do municipio pois obteñen toda a información necesaria para pasar o seu tempo de lecer en Melide a través das novas tecnoloxías.

E. promotora: Concello de Melide

Investimento: 36.452,00 €

Axuda: 24.652,26 €



DOTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS EN LOCAIS MUNICIPAIS

Adquisición de equipamento de alta tecnoloxía para a súa instalación en dous locais municipais do concello de Curtis: o centro de ocio infantil e o local de usos múltiples. Coa adquisición destes equipos búscase familiarizar á poboación local co uso das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé naqueles grupos de poboación ós que máis alleo lles resulta (adultos e maiores) e aqueles que máis o necesitan de cara ó futuro (nenos e nenas).

E. promotora: Concello de Curtis

Investimento: 58.853,04 €

*Axuda: **36.133,82 €***



DESENVOLVEMENTO DA AGRICULTURA ECOLÓXICA EN VILASANTAR

Adaptación da escola de agricultura ecolóxica para destinala a uso formativo e dar resposta ás necesidades de asesoramento en produción, transformación ecolóxica e mellora da comercialización. Os investimentos recollen: creación dunha aula TIC para a formación teórica; sala de elaboración/transformación de produtos (envasadora, etiquetadora, etc.) así como outros investimentos necesarios para a produción: sementadora, equipo de rega e armario de xerminación de sementes.

E. promotora: Concello de Vilasantar

Investimento: 52.501,35 €

*Axuda: **28.117,22 €***



RESTAURACIÓN RETABLO LATERAL DEREITO EN SANTAIA

Restauración do retablo da igrexa de Santa Eulalia de Curtis, concretamente, a acción de recuperación centrarase no lateral dereito posto que é a parte que se atopa en peor estado de conservación. Incluírase desinsectación, limpeza e recheo de novos materiais para frear os estragos dos insectos e do tempo e evitar a desintegración final da obra.

*E. promotora: Asoc. Cultural Progreso
(Curtis)*

Investimento: 13.414,06 €

*Axuda: **7.062,50 €***

